

Xoves, 7 de xullo de 2022

Núm. 129

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
PONTEAREAS

Ordenanzas e Regulamentos

*APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE PROTOCOLO,
CERIMONIAL, HONRAS E DISTINCIÓNS*

ANUNCIO

*APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE PROTOCOLO, CERIMONIAL,
HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE PONTEAREAS*

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria levada a cabo o 26 de abril de 2022, acordou aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de Protocolo, Cerimonial, Honras e Distincións do Concello de Ponteareas

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 88, do 9 de maio de 2022, publicouse o anuncio da aprobación inicial, sometendo o expediente a un período de información pública e audiencia, por prazo de trinta días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación para a presentación de reclamacións e suxestións.

De conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, ao non terse presentado alegación ou reclamación algunha, enténdese aprobada definitivamente a modificación da ordenanza.

Segundo o establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, publícase o texto íntegro da modificación, coa seguinte redacción:

Engadir o artigo 30, quedando redactado do seguinte xeito:

1. A proposta do alcalde/sa ou dunha concelleiro/a da Corporación Municipal ante a Xunta de Portavoces da mesma, acordarase realizar un acto de homenaxe a un Alcalde/sa ou Exalcalde/sa finado/a da época democrática actual, previo acordo coa familia, organizado no prazo estimado dun ano.

2. O acto pode consistir en intervencións orais compartido con actuación musicais, poéticas, manifestacións artísticas ou calquera outra que poña en valor a figura da persoa homenaxeada, sempre nun marco de respecto a súa persoa e cargo anterior.

3. Será considerado un único acto institucional, polo tanto aplicarase o establecido no artigo 8 do Regulamento de Honras do Concello de Ponteareas vixente.

A entrada en vigor da modificación producirase no prazo de 15 días hábiles, contados dende a publicación do texto íntegro do acordo no BOP.



Xoves, 7 de xullo de 2022

Núm. 129

Contra o acordo de aprobación definitiva, as persoas interesadas poderán interpor, ante a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.

O secretario municipal

Carlos López Quintáns

De conformidade co artigo 3.2 j) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional

(Documento asinado electronicamente)

